




AS RADIACIÓNS NA NOSA VIDA



As radiacións, aínda que non o pareza, proceden do sol e do resto do Universo. Hai radiacións na Terra, no solo, na auga, etc., non podemos velas, pero si detectalas. Na vida cotiá hai radiacións.

O uso máis coñecido é na industria, os materiais radioactivos utilízanse en moitos campos industriais para a realización de análises. Os materiais son utilizados como trazadores; engadindo pequenas cantidades de materiais radioactivos pódense seguir procesos ou analizar as características das radiacións.

Os efectos da radiación con detectores iónicos que son capaces de ver os ións que se forman despois de que comece o fogo (ex: alarma de incendio). Os pararraios radioactivos baséanse no emprego de materiais radioactivos para aumentar a capacidade de ionización nas puntas dos pararraios.

Pero o uso máis coñecido das radiacións é o das centrais nucleares, que se usa para quentar a auga e o vapor fai que se movan os álades dunha turbina para producir electricidade.

Outro uso é na alimentación e, na agricultura, para estudos de alimentación agrí-

cola, eficacia de fertilizantes, etc.

Tamén se empregan para realizar estudos relacionados co abastecemento de auga. Os efectos da radiación utilízanse para medir a humidade do solo agrícola con equipos que levan fontes radioactivas, pero na alimentación aínda non se pode comprobar.

No campo agrícola créanse novas especies de plantas ás que se lles aplican radiacións para producir modificacións xenéticas. Cando se logra, selecciónase a mutación desa especie que é favorable. Logo cultívase e desenvólvese igual que outras especies, polo que non son identificables.

As radiacións tamén se utilizan para controlar as pragas de insectos, como a mosca mediterránea na froita ou a mosca das cortes. Nalgunhas zonas sóltanse machos criados en laboratorios e esterilizados para controlar a praga.

Para conservar os alimentos, úsanse fontes intensas de radiacións para a desinsectación e esterilización de pensos, froita, cebolas, patacas, allos, etc.

Tamén se empregan radiacións para a preparación

de vacinas para a gandería ovina e bovina. O seu uso é indistinguible entre as demais.

Na medicina, utilízanse para diagnosticar enfermidades ou lesións e para tratalas. Na medicina nuclear, trátase de inxectar a unha persoa radiacións para ampliar certos órganos e aumentar o seu tamaño, para ver o seu funcionamento.

O raio-inmuno-ensaio emprégase para realizar análises de mostras de sangue e para identificar substancias como os anticorpos.

Nos raios X utilízanse as radiacións para reter unha gran cantidade de radiacións que serven para facer radiografías nos ósos ou nos pulmóns.

As radiacións utilízanse para investigar e na docencia. Agora cada vez hai máis instalacións en secundaria ou nas universidades, aínda que os materiais teñen unha baixa actividade.

Outros casos nos que se empregan as radiacións é na Xeofísica e Xeoquímica, para fixar as épocas dos depósitos das rochas. O carbono 14 úsase para atopar residuos en xacementos arqueolóxicos.

MARTA RIVADULLA